



Manuel de Dios Martínez

San Xes da Rabeda-Ourense, 1930

Licenciado en Filoloxía Románica. Ex-
profesor do Instituto
Otero Pedrayo.
Discípulo e amigo de Ferro Couselo.

Paisaxe. J. Luís de Dios

"Eu teño o cadro que expuxera meu irmán. A el góstaballe moito e quíxenllo regalar. Xamais o consentiu".

BREVES APUNTES SOBRE A PERSONALIDADE DE X. FERRO COUSELO

Manuel de Dios Martínez

Cando eu estudaba filoloxía, unha das asignaturas que tiñamos era paleografía. Eu ía onda Ferro e el, moi xeneroso, iniciábame na transcripción das "crónicas" que, dito sexa de paso, estaban en castelán. Dábame unhas leccións moi curiosas. Aínda conservo os papeis onde me ensinou as datas romanas: as calendas, as nonas e demais.

Eu era mestre e andaba dando clases nas academias. Foi el o que me abriu os ollos: *"Déixate de coñas. Non ves que te están explotando vilmente. O primeiro que tes que facer e licenciarte"*. E así o fixen.

Pasado o tempo empecei a dar clases no Instituto. El era o encargado do Seminario de Filosofía e eu fun

nomeado seu auxiliar. Aí comezamos unha relación moito máis estreita e directa.

Era xeneroso en todo. Nunha ocasión a "Coral de Ruada" ensaiaba nun edificio da plaza do correxidor. O local de ensaio tiña unha viga de 16 metros de longo que nun momento dado empezou a fenderse pola metade. Collemos medo xa que cada día



estaba un pouco máis baixa. Aquelo non podía seguir así. Fun a falar con Ferro e comenteille o problema. *“Aí tes o Museo para ensaiar”*, foi todo o que me dixo como resposta, apesares de que o Museo estaba en obras.

Tiña con todos unha excelente relación. Era un home moi cordial e non deixaba pasar ningunha ocasión para axudar a quen o necesitase. Había un velliño chamado Daquinta, pequeniño, de ollos redondos, con gafas. Malvivía na rúa das Tiendas. Era profesor de latín e grego. Moitas veces acudiu en busca de axuda a Ferro. Nunca deixou de axudarlle.

Algo parecido acontecía cos artistas plásticos noveles. Sempre se volcou en axudalos. Apesares da diferenza de idade sempre se levou moi ben con todos eles. Organizou a primeira exposición de artistas ourensans en Madrid. Entre outros expuxeran Cárcamo Uranga, Corral Díaz, Arturo Baltar, José Luis de Dios, Aurelio Iglesias, Conde Corbal, Acisclo Manzano, Virgilio Fernández, Tomás Bóveda, Antonio Failde e Antonio Berjano.

Eu teño o cadro que expuxera meu irmán. A el gostaballe moito e quíxenllo regalar. Xamais o consentiu. Ademais de xeneroso, era desprendido e desinteresado.

A todos os que por antecedentes políticos tiñan problemas, sempre encontraba a forma de axudarlles. O mesmo que cando no Instituto había conflitos de calquera índole ou situacións difíciles entre os profesores; metíase polo medio, puña paz e coa súa ecuanimidade acababa resolvendo os conflitos dun xeito satisfactorio para todos.

Ferro era por riba de todo un home xusto e un traballador incansable. Cando empezou coa compra do edificio para o Museo, fixo un labor impresionante. Sempre buscaba o

mellor para o Museo. Sacou cartos de debaixo das pedras, mercou o edificio, acondicionouno. Foi un labor calado e silencioso, pero eficaz. Nembargantes cando fixo falta non dubidou en enfrentarse a quen se lle atrancaba no camiño. Polemizou contra moitos colegas, contra arquitectos, contra notarios, contra as instancias relixiosas. Nunca se desanimaba ata conquistar aquilo que consideraba xusto. É moito máis coñecido o seu labor a prol do Museo, pero o que fixo polo Arquivo non lle desmerece en nada. ¡Canto loitou para conseguir a unificación do Arquivo Histórico e o Diocesano! Fracasou no intento.

Os notarios non colaboraban con el, pero non desmaiou ata conseguir traer para o arquivo todos os protocolos notariais, rescatándoos dos sitios máis inverosímiles, e servíndose dos medios máis insospeitados. Entre os documentos había cousas curiosísimas, como unhas partituras de vilancicos do S. XVI que atopamos entre uns papeis que viñan de Trives e pertencían a un Antigo Mosteiro de S. Xoán de Río.

Naquel momento o seu labor era pouco recoñecido. Cando empezou a publicar, todos se opunñan ás súas teorías. ¿Non sei por que?.

Sen ser de Ourense tomou esta cidade como cousa propia. Houbo unha campaña, estúpida, terrible: querían facer unha gran avenida dende a Plaza Maior ata o Posío, derribando entre outros edificios a parte de abaixo do Museo. Empezaron as emisoras e os periódicos a bombardear sobre o tema. Ferro quedou case só. Os únicos que o axudabamos éramos os amigos e pouca xente máis. Polas mañás íamos Conde Corbal e máis eu a tomar un vaso e un mexilón con el. Desafogaba con nós ¡que mal o pasou!. Isto do mexilón era unha cousa curiosa. Era un tributo á súa infancia.

Por aquel tempo, na inauguración da exposición sobre “O Ourense monumental”, Don Vicente Risco fixo un discurso moi comentado:

“...Quod non fecerunt Barbari Fecerunt Barberini...”

“Lo que no hicieron los bárbaros lo hicieron los Barberini. Que no se diga que nosotros los orensanos del S. XX hacemos lo que no hicieron los bárbaros. Podemos suponer que los bárbaros no atienden a razones, pero los señores que quieren mutilar el Museo son civilizados y se puede esperar convencerles...”

Por fin conseguíu impedir a tolemia de ensanchar a rúa e derribar parte do Museo. Levou unha das alegrías máis grandes da súa vida.

Daquela estrenara eu unha cantiga con letra de Antón Tovar que lle chamaba “Non”. Ferro decíame: “Non lle poña “Non”, póñalle “Cantiga ó xeito vello””. E así lle quedou.

Noutra ocasión tamén tivo unha longa loita por impedir a construción dunha estrada pegada á capela dos Remedios. Novo disgusto e volta a loitar. Finalmente como mal menor metérona por debaixo da ponte.

Foi un loitador incansable polos intereses da nosa cidade ¡cantos disgustos lle custou!, ¡cantos cabreos pillou!.

Outra das súas grandes loitas foi a recuperación de pezas arqueolóxicas. Tamén aquí tivo que loitar arreo. Moitas veces había achados arqueolóxicos e a xente agachábaos. Alá ía el. Fose quen fose o encubridor, non paraba ata conquistar o obxecto para o museo.

Un caso simpático foi o da Virxe Vella de Reza que aparecera debaixo dun retablo. O cura ía cambiala por unhos aparellos de megafonía. Enterámonos Anxo e máis eu, comentámolo con Ferro e alá foi a impedir o desaguizado.

Era un home moi serio. Pouco dado aos chistes. Por eso cando nos queríamos meter con el inventabamos un achado, comentámosllo, e púñamolo en danza. Ó menor indicio de calquera cousa interesante para o museo xa estaba disposto a entrar en acción.

Sobre a súa actividade política antes e durante a guerra coñécense bas-



tantes cousas: que axudou a Carballo Calero, ós hirmáns Alvarez Blazquez, á familia da que máis tarde sería a súa dona e a moita xente máis, pero o que pouca xente sabe é que estivo a punto de ser claudiado. A el collérono en Madrid e metérono nun cuartel: “...eu estaba alí, ben vestido, fino...estaba asustadísimo. Íannos a deportar. Naquela época deportar significaba calquera cousa. Entón coñecín a un sarxento galego, falei con el e non sei se fixo a vista gorda ou se despistou, o certo é que nun momento que fun as letrinas conseguín escapar. Así salvei a vida”. Confesábame el nun daqueles momentos en que nos quedabamos sós, non sei se como desafogo ou como mostra de confianza.

Falaba sempre en galego e tamén en latín. Tiña obsesión coas etimoloxías difíciles, cos topónimos e con todo aquilo que tivese relación coas raíces etimolóxicas da nosa lingua.

Eu coido que o valor real dos seus

traballos, está máis nos camiños que foi abrindo que nos traballos concretos que realizou, que xa de por si teñen un grandísimo valor.

As súas teorías sempre foron moi discutidas. Por exemplo nunca viu clara a solución do celtismo en Galicia. Era moi riguroso e tiñalle un pouco de xenreira aos fabuladores. Non se permitía nin lle permitía a ninguén dar calquera cousa por certa, sen antes contrastala documentalmente.

Como profesor tiña unha grande confianza na xuventude. Sempre lle andaba a dar voltas na cabeza á idea da liberdade. Era moi aberto, crítico e avanzado para a súa época, apesares de ser profundamente cristian. Moi sinxelo e natural. Ser alumno del era sinónimo de garantía e de éxito... e así podería seguir falando e falando...

Conde Corbal e máis eu gastabamoslle moitas coñas. Iamos con frecuencia polo Museo. Axudabamoslle.

Saiamos a tomar cuncas con el e iamos moitas veces ó Tucho onde deixou aquel escrito:

*“ Neste recuncho do vello eirociño
Pintamo-la cana, bebemo-lo viño”.*



A peña do Parque. Acrílico / Tablex. **Conde Corbal.**

Vemos a Ferro rodeado por López Cid, Prego, Conde Corbal e Xaquín Lorenzo.



*Santa María
Madre e o Museo
Arqueolóxico vis-
tos por Xosé Conde
Corbal.*

Francisco Fariña Busto

Director do Museo Arqueolóxico Provincial de

Ourense.